

D. Manuel Pérez González, Xefe de servizo de Ourense da Secretaría Xeral para o Deporte e coordinador dos grupos de traballo de deportes de raqueta, de motor e de ximnasia para a elaboración e supervisión dos protocolos FISICOVID-DXTGALEGO, **CERTIFICA**

1. Que consonte ao disposto no apartado 3.21 do Anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, publicado por Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade (Diario Oficial de Galicia nº 115, 13.06.2020), a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e se modifican a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 29 de setembro pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia, e o Real Decreto 286/2022, do 19 de abril, polo que se modifica a obrigatoriedade do uso das máscaras durante a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, a **Federación Galega de Ximnasia** presentou unha actualización do seu protocolo FISICOVID-DXTGALEGO para a **práctica de Ximnasia Acrobática, Artística, Rítmica, Xeral, Estética, Trampolín, Aeróbica e Parkour** que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no **ámbito do deporte federado autonómico**; en diante o protocolo.
2. Que dito protocolo axústase aos requirimentos establecidos na Resolución do 15 de xuño de 2020 da Secretaría Xeral para o Deporte pola que se aproba o protocolo FISICOVID-DXTGALEGO no que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia (Diario Oficial de Galicia nº 120, 19.06.2020) e
3. Que xunto ao anterior, o protocolo axústanse ao establecido na normativa en vigor sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, para a realización **da práctica deportiva de Ximnasia Acrobática, Artística, Rítmica, Xeral, Estética, Trampolín, Aeróbica e Parkour tanto en adestramentos como en competicións.**

*Ourense, 22 de Abril de 2022*

*D. Manuel Pérez González*

*Xefe de Servizo de Deportes en Ourense*

*Secretaría Xeral para o Deporte*

(Documento asinado electrónicamente)

